

A placa deberá ser cuberta de tal forma que sexan ben lexibles e indelebles os datos consignados nela e que non poidan ser alterados.

Todo o establecido nesta epígrafe o é sen prexuízo da validez das placas instaladas por instaladores ou talleres doutros países, de conformidade coas directivas 92/6/CEE, do Consello, do 10 de febreiro de 1992, e 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, e as súas modificacións.

#### 6. Precintaxe.

Serán obxecto de precintaxe os seguintes puntos:

- a) O conector da unidade de control, agás cando sexa esencial para que circule o vehículo.
- b) A conexión do dispositivo de limitación de velocidade ao tacógrafo ou toma de sinal.
- c) O sistema articulado do mando da bomba, se procede.
- d) Todas as unións eléctricas e conectores.
- e) A placa de montaxe, se procede.

Os precintos poderán ser de calquera material plástico, cápsulas plásticas en cabezas de parafusos ou lacre.

Todos os precintos, agás os de lacre en articulacións mecánicas, serán marcados mediante unhas tenaces especiais con, polo menos, a parte yzzzz do contrasinal da entidade ou do taller, segundo se define no número 3 deste anexo.

O establecido neste punto é sen prexuízo da validez de precintos instalados por instaladores ou talleres doutros países, de conformidade coas directivas 92/6/CEE do Consello, do 10 de febreiro de 1992, e 92/24/CEE, do Consello, do 31 de marzo de 1992, e as súas modificacións.

#### 7. Normas técnicas xerais de instalación e comprobación do funcionamento.

1. Antes de iniciar a instalación ou comprobación do funcionamento do dispositivo de limitación de velocidade nun vehículo, cuxo sinal de velocidade proceda do tacógrafo, deberá verificarse:

- a) Que a placa de instalación do tacógrafo ten unha data gravada anterior en menos de dous anos con respecto á data actual.
- b) A integridade dos precintos do tacógrafo e da súa instalación.
- c) Que o perímetro efectivo dos pneumáticos «l» non supere en máis do dous por cento o valor gravado na placa de instalación do tacógrafo.
- d) Que a constante do tacógrafo «k» non difire en máis ou en menos do dous por cento do valor gravado na placa de instalación do tacógrafo.

No caso de que algún dos extremos anteriores non fose correcto, o instalador do dispositivo non seguirá adiante coa instalación, ata que sexa corrixido por un taller autorizado para a revisión periódica do tacógrafo que incorpore o vehículo.

2. O control de instalación e funcionamento do dispositivo de limitación de velocidade realizarase utilizando instrumentos e aparellos apropiados que aseguren que o dispositivo opera correctamente e que actúa á velocidade que se fixou.

3. En todo caso, deberán seguirse as instrucións ou recomendacións que sexan aplicables e que, de ser o caso, establezan os fabricantes tanto de vehículos coma de dispositivos.

## XEFATURA DO ESTADO

**20055** *REAL DECRETO LEI 14/2005, do 2 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados pola tormenta tropical Delta no arquipélago canario os días 28 e 29 de novembro.* («BOE» 291, do 6-12-2005.)

Durante os días 28 e 29 de novembro sucedéronse no arquipélago canario unha serie de fenómenos meteorolóxicos adversos, entre os que merece destacarse especialmente a presenza, a causa da denominada tormenta tropical «Delta», de ventos furacanados e temporais mariños que deixaron sentir os seus efectos sobre as illas, producindo importantes danos en costas, portos, aeroportos, infraestruturas viarias, sector agrícola e subministración eléctrica e telefónica, así como en diversos bens de titularidade pública e privada.

A magnitude dos feitos e as súas consecuencias obrigan, desde o principio constitucional de unidade e solidariedade, reconecido no artigo 2 da Constitución española, e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en relación con situacións precedentes, á actuación dos poderes públicos e á adopción, para as illas afectadas, dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras concordantes coas adoptadas en momentos anteriores ante ocasións semellantes, co obxecto de favorecer o restablecemento dos servizos e infraestruturas danadas e a volta á normalidade das zonas sinistradas polos temporais.

O obxectivo, por tanto, desta norma é aprobar un catálogo de medidas que afectan varios departamentos ministeriais e abarcan aspectos moi diferentes, pois mentres que unhas se dirixen a diminuír as cargas tributarias, outras, como a concesión de créditos privilexiados, intentan paliar o impacto nas empresas, explotacións agrarias e particulares afectados.

Entre as axudas que se van adoptar están as relativas á reparación de danos sufridos nas infraestruturas do arquipélago, especialmente sensible polo seu afastamento e fragmentación territorial e a súa dependencia de determinados medios de transporte aéreo e marítimo, que fan necesaria a adopción non só de medidas proporcionadas no cuantitativo senón tamén no cualitativo, arbitrando medios eficaces e de resposta inmediata ás necesidades e expectativas xeradas nos cidadáns, empresas e institucións canarias pola situación creada.

Por outra parte, as perdas de produción ocasionadas polos fortes ventos, as chuvias, temporais e outros fenómenos naturais directamente relacionados coa climatología adversa, nos cultivos e territorios afectados, configuran, pola magnitude dos danos ocasionados, unha situación equiparable á de desastre natural, nos termos establecidos polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros do Interior, de Economía e Facenda, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de decembro de 2005,

#### DISPONGO:

##### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

1. As medidas establecidas neste real decreto lei aplicaranse á reparación dos danos causados polos ventos, chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados co paso da tormenta tropical Delta pola Comuni-

dade Autónoma de Canarias durante os días 28 e 29 de novembro de 2005.

Os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos que concretamente lles sexan de aplicación as medidas aludidas determinaranse por orde do ministro do Interior.

2. Para os efectos das ditas actuacións reparadoras, entenderanse tamén incluídos aqueloutros termos municipais ou núcleos de poboación en que, para a correcta execución das obras necesarias, sexan imprescindibles as actuacións dos departamentos ministeriais competentes.

#### Artigo 2. *Danos en infraestruturas municipais e rede viaria dos cabidos.*

Aos proxectos que executen as entidades locais nos termos municipais ou núcleos de poboación aos cales se fai referencia no artigo anterior, relativos ás obras de reparación ou restitución de infraestruturas, equipamentos ou instalacións e servizos recollidos no artigo 26.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e á rede viaria dos cabidos, aplicaráselles o trámite de urxencia, podendo concederlles o Estado unha subvención de ata o 50 por 100 do seu custo.

#### Artigo 3. *Danos nas demais infraestruturas públicas.*

1. Facúltanse os titulares dos departamentos ministeriais competentes por razón da materia para declarar zona de actuación especial as áreas afectadas, con obxecto de que os ditos departamentos, os seus organismos autónomos e entidades públicas dependentes destes poidan levar a cabo as restauracións que procedan.

2. Para os efectos indicados, decláranse de emerxencia as obras que van executar tales departamentos para reparar os danos causados en infraestruturas de titularidade estatal comprendidas no seu ámbito de competencias.

#### Artigo 4. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

Serán obxecto de indemnización os danos causados nas explotacións agrícolas e gandeiras que, tendo pólizas en vigor amparadas polo Plan de seguros agrarios combinados para o ano 2005, sufrisen perdas por danos nas súas producións non cubertas polas liñas de seguros agrarios combinados.

Non obstante, para o caso de producións que nas datas do sinistro non iniciasen o período de contratación do seguro correspondente, tamén poderán percibir as anteriores indemnizacións, sempre e cando se contratase o seguro correspondente ás ditas producións no exercicio anterior.

Tamén se poderá percibir indemnización polos danos causados en producións non incluídas no vixente plan anual de seguros, excepto que as producións afectadas estivesen garantidas por un seguro non incluído no sistema de seguros agrarios combinados.

As ditas indemnizacións irán destinadas aos titulares daquelas explotacións que, estando situadas no ámbito sinalado no artigo 1, sufrisen perdas superiores ao 20 por 100 da produción, consonte os criterios establecidos pola Unión Europea a este respecto.

Poderán ser obxecto de indemnizacións nas condicións establecidas neste artigo os danos producidos en explotacións apícolas.

#### Artigo 5. *Beneficios fiscais.*

1. Concédese a exención das cotas do imposto sobre bens inmobles correspondentes ao exercicio de 2005 que afecten vivendas, establecementos industriais e mercantís, explotacións agrarias, locais de traballo e similares,

situados nos municipios e núcleos de poboación que determine a orde ministerial que se vai ditar en desenvolvemento do artigo 1, danados como consecuencia directa dos fenómenos meteorolóxicos referidos cando se acredite que tanto as persoas como os bens neles situados tivesen que ser realoxados total ou parcialmente noutras vivendas ou locais diferentes ata a reparación dos danos sufridos ou os estragos en colleitas, gandos ou bens, que constitúan sinistros non cubertos por ningunha fórmula de aseguramento público ou privado.

2. Concédese unha redución no imposto sobre actividades económicas correspondente ao exercicio de 2005 ás industrias, establecementos mercantís e profesionais cuxos locais de negocios ou bens afectados a esa actividade fosen danados como consecuencia directa dos temporais mencionados, sempre que se acredite que tivesen que ser obxecto de realoxamento ou se producisen danos que obriguen ao peche da actividade. A indicada redución será proporcional ao tempo transcorrido desde o día en que se produciuse o cesamento da actividade ata o reinicio desta en condicións de normalidade, xa sexa nos mesmos locais ou noutros habilitados para o efecto, sen prexuízo de considerar que, cando a gravidade dos danos producidos dea orixe a iso, o suposto de cesamento no exercicio desta, terá efectos desde o día 31 de decembro de 2004.

3. As exencións e reducións de cotas nos tributos sinalados nos puntos anteriores comprenderán tamén a das recargas legalmente autorizadas sobre estes.

4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores, satisfixesen os recibos correspondentes ao dito exercicio fiscal, poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas.

5. A tramitación das baixas de vehículos, buques ou embarcacións solicitadas como consecuencia dos danos producidos e a expedición de duplicados de permisos de circulación ou de condución, certificados técnicos ou títulos habilitantes destruídos ou extraviados pola dita causa non devengarán as taxas correspondentes aos respectivos servizos da Xefatura Central de Tráfico, e a Dirección Xeral da Mariña Mercante.

6. A diminución de ingresos en tributos locais que os anteriores puntos deste artigo produzan nos concellos e cabidos insulares será compensada con cargo aos orzamentos xerais do Estado, de conformidade co establecido no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### Artigo 6. *Reducións fiscais especiais para as actividades agrarias.*

Para as explotacións e actividades agrarias, realizadas nas zonas que determine a orde que se vai ditar en desenvolvemento do artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no punto 4.1 do artigo 35 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o Ministerio de Economía e Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto aos cales se refire a Orde EHA/3902/2004, do 29 de novembro, que desenvolve para o ano 2005 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.

#### Artigo 7. *Medidas laborais e de Seguridade Social.*

1. Os expedientes de regulación de emprego que teñan a súa causa nos danos producidos polos ventos, chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados co paso da tormenta tropical Delta, aos cales se fai

mención no artigo 1, terán a consideración de provenientes dunha situación de forza maior, coas consecuencias que derivan dos artigos 47 e 51 do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 23 de marzo. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá exonerar o empresario do aboamento das cotas á Seguridade Social no primeiro suposto mentres dure o período de suspensión, manténdose a condición do dito período como efectivamente cotizado polo traballador. Nos casos en que se produza extinción do contrato, as indemnizacións dos traballadores correrán a cargo do Fondo de Garantía Salarial, cos límites legais establecidos.

Nos expedientes en que se resolva favorablemente a suspensión de contratos ou a redución temporal da xornada de traballo, con base en circunstancias excepcionais, a autoridade laboral poderá autorizar que o tempo en que se perciban as prestacións por desemprego, reguladas no título III do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, que traian a súa causa inmediata nos ventos, chuvias, temporais e outros fenómenos naturais relacionados coa citada climatoloxía adversa, non se compute para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos. Igualmente, poderá autorizar que perciban prestacións por desemprego aqueles traballadores incluídos nos ditos expedientes que carezan dos períodos de cotización necesarios para ter dereito a estas.

2. As empresas e os traballadores por conta propia incluídos en calquera réxime da Seguridade Social poderán solicitar e obter, logo de xustificación dos danos sufridos, unha moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións á Seguridade Social, incluídas xornadas reais, correspondente aos meses de outubro a decembro de 2005, excepto no caso dos traballadores do réxime especial de autónomos que correspondería aos meses de novembro de 2005 a xaneiro de 2006.

3. As empresas encadradas nos sistemas especiais do plátano e do tomate fresco do réxime xeral, así como os titulares de explotacións agrarias inscritos no réxime especial agrario da Seguridade Social como traballadores por conta propia ou no réxime de traballadores autónomos na actividade de Agricultura, Gandaría, Caza e Silvicultura na Comunidade Autónoma de Canarias, así como as cooperativas agrarias poderán solicitar e obter unha bonificación do 50% no pagamento das cotizacións á Seguridade Social por contingencias comúns correspondentes aos meses de outubro, novembro e decembro de 2005, excepto para os traballadores de réxime especial de autónomos que correspondería aos meses de novembro de 2005 a xaneiro de 2006, con dereito á devolución das cotas bonificadas xa ingresadas. No caso das empresas a bonificación afectará a achega empresarial.

Estas bonificacións irán a cargo do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

4. Os cotizantes á Seguridade Social que teñan dereito aos beneficios establecidos nos puntos anteriores e satisfixesen as cotas correspondentes ás exencións, á moratoria ou ás bonificacións de que se trate poderán pedir a devolución das cantidades ingresadas, incluídas, se é o caso, as recargas e custas correspondentes. Se o que tivese dereito á devolución fose debedor á Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes coa Seguridade Social na forma que legalmente proceda.

#### Artigo 8. Réxime de contratación.

1. Para os efectos previstos no artigo 72 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2000, do 16

de xuño, terán a consideración de obras, servizos, adquisicións ou subministracións de emerxencia os de reparación ou mantemento do servizo de infraestruturas e equipamentos, así como as obras de reposición de bens prexudicados pola catástrofe, calquera que sexa a súa contía.

2. Para eses mesmos efectos, inclúense, en todo caso, entre as infraestruturas, as portuarias, as aeroportuarias, as agrarias de uso común, estradas, costas, o dominio público marítimo-terrestre e calquera outro ben de titularidade estatal que resultase afectado polos temporais de chuvía e vento.

3. Declárase urxente a ocupación dos bens afectados polas expropiacións derivadas da realización das obras a que se refire este artigo, para os efectos establecidos no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

4. Na tramitación dos expedientes de contratación non incluídos no artigo 129.2 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, dispensarase do requisito previo de dispoñibilidade dos terreos, sen prexuízo de que a súa ocupación efectiva deba ir precedida da formalización da acta de ocupación.

#### Artigo 9. Axudas de emerxencia.

As axudas de emerxencia e de carácter inmediato para paliar os danos causados polo temporal aludido regularanse polo disposto no Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, polo cal se regulan as subvencións en atención a determinadas necesidades derivadas de situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica. Para estes efectos o prazo para a presentación de solicitudes das axudas empezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste real decreto lei no *Boletín Oficial del Estado*.

#### Artigo 10. Danos en vivendas.

1. Para paliar os danos producidos nas vivendas que teñan a condición de residencia habitual e permanente e que fosen causados polas catástrofes a que se refire este real decreto lei, o Ministerio de Vivenda concederá axudas para alugamento, reparación, rehabilitación e reconstrución de vivendas.

2. As axudas concederanse nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente e executaranse conforme os convenios de colaboración recollidos no artigo 13 deste real decreto lei.

3. Facultase o titular do Ministerio de Vivenda para propor o pagamento das axudas a que se refire este artigo na parte que financie a Administración xeral do Estado, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento.

#### Artigo 11. Liñas preferenciais de crédito.

Instrúese o Instituto de Crédito Oficial, na súa condición de Axencia Financeira do Estado, para instrumentar unha liña de préstamos de mediación, para o que solicitará a colaboración das entidades de crédito con implantación na Comunidade Autónoma de Canarias, subscribindo con estas os oportunos convenios de colaboración.

O importe de global da liña de préstamos determinarase nas disposicións que se diten en desenvolvemento deste real decreto lei, unha vez completada a avaliación dos danos. A Delegación do Goberno en Canarias e o Consorcio de Compensación de Seguros remitiranlle ao Instituto de Crédito Oficial relación das empresas, físicas ou xurídicas, potencialmente beneficiarias desta liña de



préstamos, con expresión da súa identificación e do importe máximo de danos avaliados.

A liña de préstamos terá como finalidade financiar a reparación ou reposición de instalacións industriais e mercantís, vehículos comerciais, explotacións agrarias e gandeiras, buques e embarcacións, así como os locais de traballo de profesionais que se visen danados como consecuencia dos fenómenos atmosféricos mencionados, e materializarase en operacións de préstamo concedidas polas ditas entidades financeiras, cuxas características serán:

a) Importe máximo: o do dano avaliado pola Delegación de Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias ou, se é o caso, polo Consorcio de Compensación de Seguros, descontado, se é o caso, o importe do crédito que un mesmo solicitante puidese subscribir con cargo a outras liñas de préstamos preferenciais que puidese establecer a Comunidade Autónoma de Canarias.

b) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia, se é o caso.

c) Xuro: o tipo de cesión dos fondos do ICO ás entidades de crédito será do 1,50 por 100 TAE, e a marxe máxima de intermediación para as ditas entidades de crédito do 0,50 por 100, de forma que o tipo final máximo para o prestameiro será do 2,00 por 100TAE.

d) Tramitación: as solicitudes serán presentadas na entidade financeira mediadora, quen decidirá sobre a concesión do préstamo, sendo ao seu cargo o risco da operación.

e) Vixencia da liña: facúltase o titular do Ministerio de Economía e Facenda para establecer a data límite para a concesión de operacións e disposición de fondos.

A instrumentación da liña de préstamos a que se refire este artigo será levada a cabo polo ICO no exercicio das funcións a que se refire a disposición adicional sexta. Dous.2, letra A, do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, e, na súa virtude, o quebranto que para o ICO supoña o diferencial entre o custo de mercado da obtención dos recursos e o tipo de cesión ás entidades de crédito mediadoras, antes citado, do 1,50 por 100TAE, será cuberto con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

#### Artigo 12. *Cooperación coas administracións locais.*

Facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para propor o pagamento das subvencións a que se refire o artigo 2, con cargo ao crédito que para estes efectos se habilite, co carácter de incorporable, nos orzamentos do dito departamento.

O importe máximo do dito crédito será establecido nas disposicións de aplicación e desenvolvemento deste real decreto lei, tan axiña como se coñeza a valoración dos danos.

De igual modo, facúltase o titular do Ministerio de Administracións Públicas para establecer o procedemento para a concesión das mencionadas subvencións, así como o seu seguimento e control, no marco da cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

#### Artigo 13. *Convenio con outras administracións públicas.*

A Administración xeral do Estado poderá celebrar co Goberno da Comunidade Autónoma de Canarias, cos cabidos insulares e coas corporacións locais afectadas ás cales resulte de aplicación este real decreto lei os convenios de colaboración que exixa a aplicación deste.

#### Artigo 14. *Comisión interministerial.*

1. Créase unha comisión interministerial para a aplicación das medidas establecidas neste real decreto lei,

coordinada pola Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias e integrada por representantes dos ministerios de Economía e Facenda, do Interior, de Fomento, de Traballo e Asuntos Sociais, de Industria, Turismo e Comercio, de Agricultura, de Pesca e Alimentación, da Presidencia, de Administracións Públicas, de Medio Ambiente e de Vivenda, así como polo delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias e por un representante do Consorcio de Compensación de Seguros.

2. O seguimento das medidas previstas neste real decreto lei será levado a cabo pola comisión a que se refire o punto anterior, en coordinación coas autoridades da Comunidade Autónoma de Canarias a través da Delegación do Goberno en Canarias.

#### Artigo 15. *Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias poderá solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos, as correspondentes valoracións previstas neste real decreto lei, sempre que non afecten bens de titularidade pública.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros terá dereito ao aboamento por parte da Administración xeral do Estado dos traballos de peritación conforme o baremo de honorarios profesionais que o dito consorcio aprobouse para os seus peritos taxadores de seguros.

3. Para facilitar a tramitación das axudas e a valoración dos danos, a Administración competente e o Consorcio de Compensación de Seguros poderanse transmitir os datos sobre beneficiarios das axudas e indemnizacións que concedan, as súas contías respectivas e os bens afectados.

#### Disposición adicional primeira. *Límite das axudas.*

O valor das axudas concedidas en aplicación deste real decreto lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outras administracións, organismos públicos, nacionais ou internacionais, por calquera entidade financiada por fondos públicos ou privados, ou correspondan en virtude de pólizas de seguro.

#### Disposición adicional segunda. *Anticipos de axudas vinculadas a determinados préstamos para a mellora e modernización de estruturas agrarias.*

Nos termos municipais afectados de acordo co artigo 1, con carácter preferente, poderase efectuar o pagamento anticipado do importe total das axudas de minoración de anualidades de amortización do principal dos préstamos acollidos ao Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, daqueles expedientes de que se dispoña da correspondente certificación final de cumprimento de compromisos e realización de investimentos.

#### Disposición adicional terceira. *Financiamento das medidas.*

O financiamento do custo das medidas contidas neste real decreto lei concretarase nas disposicións de desenvolvemento desta norma, unha vez coñecida a valoración dos danos causados.

Disposición adicional cuarta. *Días inhábiles.*

Decláranse inhábiles os días 28, 29 e 30 de novembro e 1 e 2 de decembro, nos termos municipais que resultasen afectados, a toda clase de efectos civís, notariais, mercantís, administrativos, xudiciais e rexistrals, sen prexuízo da validez das actuacións e das dilixencias practicadas en día inhábil, se se realizasen cos requisitos legais.

Disposición derradeira primeira. *Competencias das Comunidades Autónomas.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.1.<sup>a</sup> da Constitución española, sen prexuízo das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma afectada, ao abeiro do seu Estatuto de autonomía.

Disposición derradeira segunda. *Facultades de desenvolvemento.*

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, ditarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Dado en Madrid o 2 de decembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**20194** REAL DECRETO 1414/2005, do 25 de novembro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas. («BOE» 293, do 8-12-2005.)

A normativa comunitaria sobre denominacións de orixe está constituída polo Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo de 1992, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

Para facilitar a súa aplicación no dereito interno, en especial no que se refire á tramitación das solicitudes de rexistro das denominacións de orixe e indicacións xeográficas, considerouse necesario establecer certas precisións, para o que se publicou o Real decreto 1643/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, rexistro a que se refire o artigo 6.3 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello.

O dito real decreto establece o procedemento de tramitación das solicitudes e a forma de exercer a protección nacional transitoria, prevista no artigo 5.5 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello; de acordo co seu

contido, viñéronse tramitando as solicitudes e veuse exercendo a protección nacional transitoria das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, desde a súa publicación ata a data, dunha forma ordenada e eficaz.

Non obstante, púxose de manifesto neste período a necesidade de regular un procedemento interno de oposición, previo á transmisión da solicitude de rexistro á Comisión Europea.

Previamente á transmisión da solicitude de rexistro á Comisión Europea, as autoridades competentes do Estado membro deben examinar coidadosamente a solicitude.

Calquera persoa física ou xurídica, lexitimamente interesada, ten o dereito de se opor á solicitude de rexistro, para salvagardar o que considere o seu dereito ou interese lexitimo. Baseándose nas regras xerais de boas prácticas administrativas os Estados membros deben dispor dun procedemento interno de oposición. Isto é particularmente importante xa que as oposicións procedentes do mesmo Estado membro non poden ser examinadas mediante o procedemento de oposición no ámbito comunitario. O dito procedemento comunitario refírese a oposicións transmitidas por un Estado membro a unha solicitude presentada por outro Estado membro.

Por todo iso, considérase necesario e oportuno regular, no marco do procedemento existente, un procedemento incidental de oposición ás solicitudes de inscrición no rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, así como ás solicitudes de modificación do prego de condicións das xa inscritas no mencionado rexistro, con carácter previo á transmisión das ditas solicitudes á Comisión Europea, procedemento que se substanciará ante o órgano competente das comunidades autónomas, salvo que o ámbito territorial da denominación abarque máis dunha comunidade autónoma; neste caso, corresponde-lle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Ademais, algunhas comunidades autónomas, en virtude da competencia exclusiva que os seus estatutos de autonomía lles confiren en materia de denominacións de orixe, non aproban e publican regulamentos das denominacións de orixe nin das indicacións xeográficas protexidas, polo que non resulta aplicable, neses casos, a vixente normativa en materia de protección nacional transitoria, polo cal tamén se considerou a conveniencia de modificar a actual regulación para abrir a posibilidade de que a ratificación que debe efectuar o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación non se restrinja de forma exclusiva ao regulamento da denominación.

Coa finalidade de regular ambas as cuestións, considérase o máis conveniente, para maior claridade e conseguinte seguridade xurídica, ditar un novo real decreto que incorpore ao contido do anterior a regulación do procedemento de oposición e prevexa a posibilidade de ratificar documentos distintos dos regulamentos, e derrogar o vixente e citado Real decreto 1643/1999, do 22 de outubro.

Este real decreto foi sometido, en fase de proxecto, a consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector e promúlgase ao abeiro da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica a que se refire o artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de novembro de 2005,